

# 2015

## APE GALICIA

Asociación intersectorial e interterritorial de autónomos e pequenas empresas de Galicia



# BOLETÍN XUÑO

- BONIFICACIÓN TITULARES DE PRÉSTAMOS ICO. IGAPE
- APOIO AO ACCESO AO FINANCIAMENTO OPERATIVO. IGAPE
- SUBVENCIÓNS PARA ACCIÓNS FORMATIVAS A DESEMPREGADOS
- AXUDAS PARA A FORMACIÓN NO ÁMBITO DO TRANSPORTE POR ESTRADA
- AXUDAS Á CONSTITUCIÓN E AO FUNCIONAMENTO PRODUTORES DE PLANTAS VIVAS
- SUBVENCIÓNS Á ASISTENCIA AO MICA E AO WOMEX
- SELECCIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS SUBVENCIÓNS PLAN RENOVE DE CALDEIRAS.
- SELECCIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS SUBVENCIÓNS PLAN RENOVE DE FIESTRAS.
- SELO "PYME INNOVADORA"

# [ BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DO FINANCIAMENTO TITULARES DE PRÉSTAMOS INFERIORES A 25.000 EUROS. IGAPE ]

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 30 DE OUTUBRO DE 2015 ]

**Bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 euros instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca.**

## BENEFICIARIOS

- Autónomos
- Microempresa que reúnan os seguintes requisitos:
  - Menos de 10 traballadores.
  - Cifra de negocios anual menor de 2 millóns de euros.
  - Que cumpra o criterio de independencia.
- Persoas físicas
- Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas
- Comunidades de bens
- Calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado



## CONDICIÓNS

Ter formalizado un préstamo a partir do 1 de xaneiro de 2015 e con anterioridade á

data de presentación da solicitude de axuda, por un importe inferior ou igual a 25.000 euros a un prazo igual ou superior a cinco anos.

## CUANTÍA SUBVENCIONABLE

Tres tipos de axudas:

a) Bonificación no xuro do préstamo:

- Xeral, 1,5 puntos porcentuais.
- Pproxectos de investimento nos concellos, 0,5 puntos adicionais.
- Emprendedores ou proxectos do sector industrial, 0,5 puntos adicionais.

b) 15% sobre o tramo de préstamo que debe financiar activos fixos.

c) Compensación da comisión do aval financeiro

## REFERENCIA LEGISLATIVA

<http://www.igape.es/gl/base-xeral-de-axudas/ficha/IGAP280>

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150619/AnuncioO92-110615-0003\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150619/AnuncioO92-110615-0003_gl.html)

# [ BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DO FINANCIAMENTO DE PRÉSTAMOS SUPERIORES A 25.000 EUROS. IGAPE ]

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 30 DE OUTUBRO DE 2015 ]

Bonificación dos custos financeiros das pequenas e medianas empresas de Galicia titulares de préstamos superiores a 25.000 euros, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca.

## BENEFICIARIOS

- Autónomos
- Microempresa que reúnan os seguintes requisitos:
  - Menos de 10 traballadores.
  - Cifra de negocios anual menor de 2 millóns de euros.
  - Que cumpra o criterio de independencia.
- Persoas físicas
- Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas
- Comunidades de bens
- Calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado

## CONDICIÓN

Ter un préstamo formalizado a partir do 1 de xaneiro de 2015 e con anterioridade á data de presentación da solicitude de axuda, por un importe superior a 25.000 euros, cun prazo igual ou superior a cinco anos.

## CUANTÍA SUBVENCIONABLE

Tres tipos de axudas:

### 1. Operacións formalizadas sen aval ou con aval dunha SGR:



1.1. Bonificación do tipo de xuro, de acordo cos seguintes criterios:

- Xeral, 1,5 puntos porcentuais.
- Proxectos de investimento nos concellos 0,5 puntos porcentuais adicionais.
- Emprendedores, ou proxectos do sector industrial, 0,5 puntos porcentuais adicionais.

1.2. Compensación da comisión do aval financeiro, no seu caso.

### Operacións formalizadas con aval do Igape:

2.1 Bonificación do tipo de xuro, de acordo cos seguintes criterios:

- Xeral, 0,5 puntos porcentuais.
- Proxectos de investimento nos concellos 0,5 puntos porcentuais adicionais.

O importe resultante da axuda destinarase á amortización anticipada do principal do préstamo, non podendo a entidade financeira cobrar comisión ningunha pola dita amortización.

## REFERENCIA LEGISLATIVA

<http://www.igape.es/gl/base-xeral-de-axudas/ficha/IGAP279>

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150619/AnuncioO92-110615-0004\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150619/AnuncioO92-110615-0004_gl.html)

# [RE-SOLVE 2015: APOIO AO ACCESO AO FINANCIAMENTO OPERATIVO (ACTIVO CORRENTE). IGAPE

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 30 DE OUTUBRO DE 2015 ]

*Estas bases regulan o contido e o procedemento de tramitación do programa de apoio dirixido a facilitar o acceso ao financiamento por parte das pemes do seu activo corrente.*

## BENEFICIARIOS

- Pequenas e medianas empresas
- Persoas físicas
- Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas
- Comunidades de bens



## CONDICIÓNS DAS EMPRESAS

PEMES que formalicen un préstamo destinado ao **financiamento do seu activo corrente** (pagamento de nóminas, tributos, seguridade social, aluguer, leasing, provedores, acredores por prestación de servizos, reparacións, cotas de débedas bancarias a longo prazo no momento do seu vencemento e cotas de leasing)

Pólizas de crédito ou préstamo destinados á mesma finalidade que venzan durante o exercicio 2015.

## CONDICIÓNS DO PRÉSTAMO

- Importe mínimo atendible: 3.000 euros. O importe máximo de 150.000
- Prazo de vixencia: ata 7 anos
- Tipo de xuro: Euribor a 6 meses + tipo adicional pactado entre as partes (sen superar 3,5 puntos porcentuais). Revisións semestrais.
- Comisións máximas da entidade financeira de apertura e estudo 0,60%.
- Comisións do SGR:
  - Ata 0,5% de comisión de estudo,
  - Ata 1% de comisión de aval calculado
  - Ata 4% do importe do financiamento avalado
- Garantía da entidade financeira: aval da sociedade de garantía recíproca adheridas ao convenio polo 100% do risco.
- Garantías da SGR: reaval do Igape en cobertura do 25% do risco (poderán requirir garantías persoais)

## CONTÍA DAS AXUDAS

- Axuda en forma de garantía.
- Reaval do Igape durante a vixencia da operación de
- préstamo, en garantía do 25% do risco asumido pola SGR.

## REFERENCIA LEXISLATIVA

<http://www.igape.es/gl/base-xeral-de-axudas/ficha/IGAP265>

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150618/AnuncioO92-110615-0002\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150618/AnuncioO92-110615-0002_gl.html)

# [ SUBVENCIONS PARA A PROGRAMACION DE ACCIONS FORMATIVAS DIRIXIDAS A PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE ACTIVACION PARA O EMPREGO ]

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 09 DE XULLO DE 2015 ]

Se convoca a programación de accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas beneficiarias do Programa de activación para o emprego regulado polo Real decreto lei 16/2014 é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no relativo ás axudas para os cursos de formación profesional para o emprego, que teñen por obxecto a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras.

## BENEFICIARIOS

Centros e entidades de formación inscritos e acreditados no rexistro de centros e entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, que estean inscritas ou acreditados á data de publicación desta orde nas seguintes especialidades:

- Especialidades formativas vinculadas a certificados de profesionalidade.
- Competencias clave de nivel 2 en lingua castelá (FCOV22), matemáticas (FCOV23), comunicación en lingua galega (FCOVXX01).

- Competencias clave de nivel 3 en lingua castelá (FCOV02), matemáticas (FCOV12), comunicación en lingua galega (FCOVXX02).
- Accións formativas vinculadas coa aprendizaxe de idiomas que figuran no anexo III.
- Accións formativas vinculadas ás competencias requiridas polas empresas no ámbito das TIC que figuran no anexo III.

## REFERENCIA LEGISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150609/AnuncioCA05-010615-0002\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150609/AnuncioCA05-010615-0002_gl.html)



# [ AXUDAS PARA A FORMACIÓN NO ÁMBITO DO TRANSPORTE POR ESTRADA EN GALICIA

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 23 DE XULLO DE 2015 ]

O obxecto desta orde é fixar as bases reguladoras polas que se rexerá o outorgamento de subvencións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para facilitar a realización de cursos de interese público para o colectivo do transporte en Galicia, ofertados ás entidades colaboradoras da Administración que se integran no Comité Galego de Transportes por Estrada, regulado polo Decreto 251/1998, do 10 de setembro.

## BENEFICIARIOS

Asociacións profesionais de transportistas ou de empresarios de actividades auxiliares ou complementarias do transporte, ou as federacións destas.

## CUANTÍA SUBVENCIONABLE

As axudas poderán cubrir ata o 100 % do custo total do plan formativo.

O importe outorgado destinarase a realizar a totalidade dos cursos do plan formativo.



No caso de que a contía global da axuda outorgada non cubra o custo de todo o plan formativo, a entidade beneficiaria poderá aplicala a realizar aqueles cursos ou seminarios incluídos nel que resulten de maior interese para o alumnado.

## REFERENCIA LEGISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150623/AnuncioCA02-150615-0003\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150623/AnuncioCA02-150615-0003_gl.html)

# [AXUDAS Á CONSTITUCIÓN E AO FUNCIONAMENTO DAS AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES DE PLANTAS VIVAS E PRODUTOS DA FLORICULTURA

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 9 DE XULLO DE 2015 ]

**Axudas á constitución e ao funcionamento das agrupacións de produtores de plantas vivas e produtos da floricultura para o ano 2015.**

## **BENEFICIARIOS**

Agrupacións de produtores de plantas vivas e produtos da floricultura recoñecidas como tales pola Comunidade Autónoma de Galicia.



## **CUANTÍA SUBVENCIONABLE**

1. Importe das axudas concedidas:
2. 1º ano: custo total dos gastos de constitución e funcionamento administrativo
3. 2º ano: 80 % dos gastos
4. 3º ano: 60 % dos gastos
5. 4º ano: 40 % dos gastos
6. 5º ano: 20 % dos gastos

O importe da axuda non pode exceder o 5 % do valor das vendas de cada anualidade respectiva.

## **REFERENCIA LEGISLATIVA**

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150608/AnuncioG0165-290515-0001\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150608/AnuncioG0165-290515-0001_gl.html)

# [ SUBVENCIONES Á ASISTENCIA AO MICA (MERCADO DE INDUSTRIAS CULTURAIS DE ARXENTINA) E AO WOMEX ]

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 20 DE XULLO DE 2015 ]

A finalidade da presente convocatoria é o fomento da internacionalización das industrias culturais galegas, en especial en mercados con vínculos culturais comúns con Galicia, como é o mercado de América do Sur, así como o fomento da participación no Womex, encontro internacional de músicas do mundo, que este ano 2015 se celebra en Budapest.

## BENEFICIARIOS

Persoas físicas e xurídicas de carácter privado, dedicadas profesionalmente á produción ou distribución de bens ou servizos culturais, con ánimo de lucro, que asistan como profesionais invitados ao MICA, Mercado de Industrias Culturais de Arxentina, ou ao Womex, inscritos como profesionais.



## CUANTÍA SUBVENCIONABLE

Máximo 60 % dos gastos, cun límite de 1.500 euros por entidade e evento.



### Womex:

Mantenza: máximo 60 euros  
persoa/día.

Aloxamento: máximo 60 euros  
persoa/día.

Gastos de avión: máximo 300 euros  
persoa.

### MICA:

Mantenza: máximo 60 euros  
persoa/día.

Aloxamento: máximo 80 euros  
persoa/día.

Gastos de avión: máximo 700 euros  
persoa.

### REFERENCIA LEGISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150619/AnuncioG1097-120615-0001\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150619/AnuncioG1097-120615-0001_gl.html)



# [ SUBVENCIONS PLAN RENOVE DE CALDEIRAS. SELECCION DE ENTIDADES COLABORADORAS ]

PRAZO DE SOLICITUDE EMPRESA COLABORADORA 02 DE XULLO DE 2015

PRAZO DE SOLICITUDE SUBVENCIONS PLAN RENOVE 30 DE OUTUBRO DE 2015 ]

A presente orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de axudas por parte da Consellería de Economía e Industria destinadas a promover a instalación de caldeiras de alta eficiencia enerxética de gas natural, GLP ou biomasa de potencia térmica maior ou igual a 5 kW para a produción de auga quente sanitaria e/ou calefacción (códigos de procedemento IN422D-IN422E).

## CONDICIONS DAS EMPRESAS COLABORADORAS

### **Poderán ser entidades colaboradoras:**

entidades privadas con personalidade xurídica, empresarios individuais

As entidades colaboradoras actuarán de enlace entre os solicitantes das axudas e a DXEM. Serán as encargadas da venda, da promoción, da substitución e da instalación dos equipamentos.

### **Realizarán as seguintes funcións:**

- Comprobación inicial dos requisitos dos solicitantes da axuda.
- Realización ante a DXEM dos trámites para solicitar a axuda.
- Desenvolvemento das accións vinculadas ao plan.
- Xustificación da axuda e a súa certificación ante a DXEM.

## PRAZOS DE SOLICITUDE

ACREDITACION DE EMPRESA COLABORADORA: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

SOLICITUDES DE AXUDA: 25 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación desta orde, e finalizará o 30 de outubro de 2015.

## BENEFICIARIOS DAS AXUDAS

Persoas físicas de dereito privado, propietarios ou titulares de calquera dereito sobre inmoables do sector residencial, comunidades ou mancomunidades de veciños.

## CUANTÍA SUBVENCIONABLE

Investimentos subvencionables:

- O custo da caldeira de gas natural, GLP ou biomasa.
- O custo do conduto de evacuación dos produtos da combustión.
- Os gastos derivados da montaxe e conexión dos equipamentos.

## REFERENCIA LEXISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150626/AnuncioCA04-180615-0009\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150626/AnuncioCA04-180615-0009_gl.html)

## [ SUBVENCIONES PLAN RENOVE DE FIESTRAS, E SELECCIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS QUE PARTICIPARÁN NA SÚA XESTIÓN (CÓDIGOS DE PROCEDIMENTO IN412A-IN412B)

PRAZO DE SOLICITUDE EMPRESA COLABORADORA 02 DE XULLO DE 2015

PRAZO DE SOLICITUDE SUBVENCIONES PLAN RENOVE 30 DE OUTUBRO DE 2015 ]

**Bases polas cales se rexerá a concesión das subvencions da CEI para incentivar a rehabilitación dos ocos acristalados da fachada, tanto no referente ao acristalamento como aos marcos ou perfís (códigos de procedementos IN412A-IN412B).**

### CONDICIONS DAS EMPRESAS COLABORADORAS

Poderán ser entidades colaboradoras: entidades privadas con personalidade xurídica, empresarios individuais

As entidades colaboradoras actuarán de enlace entre os solicitantes das axudas e a DXEM. Serán as encargadas da venda, da promoción, da substitución e da instalación dos equipamentos.

Realizarán as seguintes funcións:

- Comprobación inicial dos requisitos dos solicitantes da axuda.
- Realización ante a DXEM dos trámites para solicitar a axuda.
- Desenvolvemento das accións vinculadas ao plan.
- Xustificación da axuda e a súa certificación ante a DXEM.

### PRAZOS DE SOLICITUDE

#### ACREDITACIÓN DE EMPRESA

**COLABORADORA:** 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

**SOLICITUDES DE AXUDA:** 25 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación desta orde, e finalizará o 30 de outubro de 2015.

### BENEFICIARIOS DAS AXUDAS

Persoas físicas de dereito privado, propietarios ou titulares de calquera dereito sobre inmobles do sector residencial, comunidades ou mancomunidades de veciños.

### CUANTÍA SUBVENCIONABLE

**Vivenda unifamiliar/piso:** máximo de 100 €/m<sup>2</sup> de oco, cun límites de 3.000 €

**Comunidades de propietarios ou edificios de vivendas:** máximo 3.000 € por vivenda unifamiliar/piso, co máximo de 50.000 € por edificio.

En calquera caso, a cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25 % do custo total da obra.



A renovación consistirá na substitución dunha fiestra existente por outra de igual ou inferior tamaño.

Será subvencionable a colocación dunha nova fiestra paralela á existente (dobre fiestra), sempre e cando esta nova fiestra satisfaga os requisitos enerxéticos citados.

Tamén será subvencionable a renovación de portas que separen estancias calefactadas do exterior.

Considéranse custos subvencionables a retirada das fiestras existentes, a fabricación das novas fiestras e a súa instalación, sempre e cando veña detallado na factura.

#### **REFERENCIA LEXISLATIVA**

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150626/AnuncioCA04-180615-0008\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150626/AnuncioCA04-180615-0008_gl.html)

## [SELO DE PYME INNOVADORA]

Desde o pasado 11 de xuño xa se pode solicitar o selo de PYME innovadora. A Orde Ministerial \*ECC/1087/2015 aprobouse recentemente e regula o funcionamento do Rexistro público da Pequena e Mediana Empresa Innovadora e a obtención do selo. O Rexistro Público de Pemes innovadoras é gratuíto para todas as empresas.

### SOLICITUDE

Os interesados poderán realizar a solicitude exclusivamente de forma telemática.

Unha vez obtido o selo de PYME innovadora, a empresa poderá:

- Expor no seu centro de traballo o distintivo "PYME Innovadora".
- Utilizalo de forma comercial ou con fins publicitarios.
- É compatible cos beneficios fiscais e bonificacións do persoal investigador nas cuotas da Seguridade Social regulados no artigo 6 del Real Decreto 475/2014.

### CONDICIÓN PARA SER PYME INNOVADORA

**Ter recibido financiación pública nos últimos tres anos e ter executado correctamente a actividade financiada:**

- Convocatorias públicas do "VI Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica ou do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación".
- Axudas para a realización de proxectos de I+D+i, do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial.



- Convocatorias do 7.º Programa Marco de I+D+i ou do Programa Horizonte 2020, da Unión Europea.

**Si demostraron o seu carácter innovador mediante a súa propia actividade:**

- Dispoñer de patentes de explotación nos 5 anos anteriores.

**Poseer certificación oficial recoñecidas polo Ministerio de Economía e Competitividade:**

- Xoven Empresa Innovadora (JEI).
- Pequena ou microempresa innovadora.
- Certificación conforme a la norma UNE 166.002 «Sistemas de Xestión da I+D+i».

### REFERENCIA LEGISLATIVA

<http://www.idi.mineco.gob.es/portal/site/MICINN/menuitem.edc7f2029a2be27d7010721001432ea0/?vgnnextoid=7e30d91b623ed410VgnVCM1000001d04140aRCRD>

